

SABELA INICIA A SÚA NOVA XIRA *BRILLANTE* TOUR EN BÉLXICA

A ARTISTA GALEGA ANUNCIA O SEU PRIMEIRO CONCERTO DE 2026 DENTRO DO FESTIVAL EMIGRASON, QUE TERÁ LUGAR O 27 E 28 DE FEBREIRO EN BRUXELAS



Bueu, 29 de outubro de 2025. Sabela pon data ao **comezo da xira *Brillante Tour*** coa confirmación da súa participación no **festival EmigraSon de Bélxica**. A **primeira data de 2026**, despois do éxito do seu **paso por BIGSOUND Pontevedra, SonRías Baixas ou Xurés Son**, é o festival de músicas galegas de Bruxelas, que vén de anunciar o seu nome xunto co de The Rapants como primeiros confirmados da edición que terá lugar o **27 e 28 de febreiro de 2026**. Sabela redondea así, co seu primeiro concerto no estranxeiro, un mes de outubro no que vén de publicar o seu **novo EP, *Bríllanche os olliños***, así como a colaboración coa súa compañeira de edición en Operación Triunfo 2018, **María Escarmiento**, titulada ***Non cho podo dar***.

O lanzamento do seu novo traballo está a ser unha nova revolución na carreira de Sabela. Con **preto de medio millón de escoitas acumuladas** nos seis temas que compoñen ***Bríllanche os olliños***, así como xa **máis de cincuenta mil visualizacións en tan só cinco días** dende o lanzamento do ***videoclip de Non cho podo dar***, a cantante encara os seguintes pasos do seu proxecto coa vista posta no comezo da súa nova xira no 2026. Bélxica será o punto de partida, ao que se irán sumando novas cidades e datas nos próximos meses.

Co inicio de xira haberá un directo remodelado no que terán peso os novos temas de ***Bríllanche os olliños***, a súa particular aposta por **poñer en valor o mundo e a vida rural**, dende o máis cotiá ao popular. As lendas, os oficios, figuras como Maruja Mallo, os animais ou mesmo o desexo son temas nos que a artista afonda neste último traballo

discográfico, e que trasladará a un directo no que o pop electrónico buscará novos rexistros cos que sorprender ao público. Temas que transitan este xénero dende vertentes máis eufóricas ata outras máis *ambient*, pasando por tons máis eclécticos ou intimistas e que algún será interpretados por primeira vez. Nos seus destacados concertos en festivais como BIGSOUND Pontevedra ou SonRías Baixas, o público xa puido disfrutar de temas como [Hi, my love](#), [Eu espero aquí](#) ou [Camponarai](#), aos que agora se lles unen [Cerca de ti](#), [A quen ignora](#) e o recente [Non cho podo dar](#), para dar forma a unha nova proposta sobre os escenarios da de Ouro.

Este novo EP de Sabela conta coa **colaboración da Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega de Industrias Culturais**.



MÁIS SOBRE SABELA

Sabela Ramil é unha das caras visibles desta nova onda de **pop electrónico** que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no **gran alicerce deste xénero** en Galicia. As súas cancións acumulan **centos de miles de reproducións**, conquistando con grandes xiras en directo **importantes salas ao longo de España e de Galicia**, así como festivais da talla de **O Son do Camiño**, **BIGSOUND Pontevedra**, **SonRías Baixas**, **Festival do Pasatempo** ou **Festival Noroeste**. Con todo isto, Sabela presenta o seu **novo EP**, [Bríllanche os olliños](#), no que [Hi, My Love](#) e [Eu Espero Aquí](#), publicados a finais de 2024, e [Camponarai](#), [Cerca de ti](#), [A quen ignora](#) e [Non cho podo dar](#), en colaboración con María Escarmiento, son os temas que o compoñen.

A artista galega soubo madurar o seu proxecto para levalo a unha **nova etapa da súa carreira**, e a pesar de contar cun **estilo xa propio e identificable**, aposta forte por un **son máis internacional mantendo elementos tradicionais galegos**, fortalecendo así as súas raíces. [Bríllanche os oliños](#), último traballo discográfico de Sabela, vén de obter grandes números de escoitas e visualizacións, así como recoñecementos como o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**, e nominacións a prestixiosos galardóns como os **Premios de la Academia de la Música**, **Premios Mestre Mateo**, **Festival de Cans** ou **Festival de Videoclips de Oviedo**.

[Acceso ao PressKit de Sabela](#)

CONTACTO DE PRENSA SABELA

Rodri Míguez | +34 986 903 509

comunicacion@playplan.es

AXENCIA DE MANAGEMENT SABELA

PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 206

contratacion@playplan.es

www.playplan.es

